

## **IX PINGA-PINGA (12 OUTUBRO 2019): Proba do calendario oficial da Federación Galega Atletismo (distancia non homologada)**

Co obxectivo de dinamizar o deporte na zona do Morrazo, máis en concreto no Concello de Marín, e dar a coñecer a parroquia de San Tomé de Piñeiro, o Club Deportivo Pinarium convoca a 10ª edición da Carreira Pinga-Pinga que terá saída e chegada na Parroquia de San Tomé de Piñeiro.

### **REGULAMENTO**

#### **1.- XERAL:**

Participación:

Poderán participar atletas federados e non federados.

#### **NORMATIVA:**

I) A saída darase no campo de fútbol de Santomé "Chan de Piñeiro", ao igual ca chegada.

II) Os participantes deberán colocarse na liña de saída cando estableza a organización e os xuíces da competición.

III) A Organización contará coa axuda dos organismos municipais competentes que regularán o tráfico ao longo de todo o percorrido. É unha obriga obedecer ás indicacións de ditos organismos.

IV) Na proba absoluta será obrigatoria a utilización do chip de cronometraxe ofrecido pola organización.

V) A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasione a participación nesta carreira.

VI) A participación de atletas estranxeiros e de outras federacións autonómicas rexerese de acordo co disposto no artigo 3.4. do "Regulamento para las competicións de la temporada de campo a través, marcha, carreras en carretera, y reuniones de pista cubierta y aire libre" da tempada 2018-2019. Máis información de esta norma no ligazón:

[http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2019/06\\_ReglamentoCompeticiones.pdf](http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2019/06_ReglamentoCompeticiones.pdf)

VII) Reclamacións: deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.

VIII) Serán motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuíto da carreira, recibir axuda externa ou de motor para completar o percorrido, non levar o dorsal visible para os xuíces ou manipular este, falsificar datos persoais.

IX) Todo o non disposto na presente normativa rexerese polas normas de Competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13 - 15008 A Coruña.

**ASISTENCIA MÉDICA E SEGUROS:** A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta desde media hora antes do comezo das probas e ata media hora despois da finalización. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

**SEGURO:** Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

## 2.- HORARIOS E LUGARES.

Data: sábado, 12 de outubro de 2019

Lugar: Campo de fútbol San Tomé de Piñeiro (Marín)

IV ANDAINA (DESDE A IDADE DE 5 ANOS, percorrido DE 5,5Km)  
ANTES DA CARREIRA DE MAIORES: HORA DA ANDAINA AS 10:30H.

## **CATEGORÍAS**

### **CATEGORÍAS DE MENORES:**

#### **BENXAMÍNS (SUB 10):**

Hora: 12:40

Benxamíns = 2010/2011

Percorrido: 500 mts aprox.

#### **ALEVÍNS (SUB 12):**

Hora: 12:30

Idade: Alevíns =2008/2009

Percorrido: 750 mts aprox.

#### **INFANTIS – CADETES (SUB 14 - 16):**

Hora: 12:10 (despois da carreira adultos)

Idade: Nacidos de 2004 a 2007

Percorrido: 2.000 m – unha volta pequena de circuító.

#### **PITUFOS E CHUPETES**

Idade: **Pitufos:** nados no 2012-2013-2014

**Chupetes:** nados no 2015 e posteriores

**Percorrido Pitufos:** 250mts aprox (12:50).

**Chupetes:** 100mts aprox (13:00)

#### **MAIORES (CATEGORÍA ADULTOS):**

Hora: 11:00h.

Percorrido: 7.500m – tres voltas.

**Engloba Sub 18, 20 e 23:** De 1997 a 2003

**Sénior:** 1996 e anteriores (ata veteranos)

**Master A:** De 35 a 44 anos

**Master B:** De 45 a 54 anos

**Master C:** De 55 en adiante

#### **NOVIDADE: OPCIÓN CARREIRA POR RELEVOS MASC. E RELEVOS FEM. (3 RELEVISTAS) MESMO HORARIO QUE A PROBA ADULTOS (ESTA PROBA É PARA NACIDOS EN 2003 E ANTERIORES)**

Os equipos de relevos deben levar a camiseta da mesma cor os 3 integrantes. Cada relevista dará unha volta do percorrido. Terá que dar o testigo ao seu compañeiro que esperará na zona habilitada (no campo de fútbol) Nesta proba por relevos haberá 2 categorías: MASCULINA E FEMENINA. Haberá premio para o primeiro equipo de cada categoría de relevos. Imprescindible entregar o testigo na zona habilitada e chegar a meta con el.

O primeiro relevista tomará a saída coa carreira de Adultos no campo de fútbol e dará unha volta ao circuító. Os 3 relevistas farán o mesmo percorrido.

### 3.- INSCRICIÓN:

ANDAINA: Gratuíta para todas as idades.

CHUPETES, PITUFOS E MENORES: Gratuíta. Recomendase tamén na web [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com)

MAIORES: [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) se encargará das inscricións, dorsais-chips e resultados da (Categoría Adultos). AS INSCRIPCIÓNS ATA 9 OUTUBRO. **A inscrición individual dos adultos serán 5€ (1 € de cada inscrición individual será A FAVOR DA AECC- Asociación Española contra o Cancro)**

**-A inscrición dos equipos de relevos será de 12 €( 2 € de cada equipo serán para AECC). Un integrante do equipo de relevistas será o que realice a inscrición.**

RETIRADA DE DORSAIS: Na secretaria da carreira, a partir das 09:30h na carpa da "Festa da Sidra" á beira do campo de fútbol.

### 4.- PERCORRIDO:

PERCORRIDO MENORES: Campo de Fútbol de San Tomé – Fonte de Pinga-Pinga – Cruceiro – Baixada cara o Campo de Fútbol de San Tomé.(1 Volta pequena)

PERCORRIDO MAIORES: Campo de Fútbol de San Tomé – Fonte de Pinga-Pinga – Bar Stop – Igrexario – Bar o Tobo – Campo de Fútbol de San Tomé.(3 Voltas).

### 5.- PREMIOS: ENTREGA PREMIOS.

CHUPETES: Medallas para todos os participantes.

MENORES: Os 3 primeiros clasificados de cada categoría recibirán un trofeo.

MAIORES: Trofeo aos tres primeiros clasificados MASCULINO E FEMENINO das cinco categorías establecidas, exceptuando os 3 primeiros da categoría absoluta. Estes levan o premio da Absoluta.

**-Trofeo para o primeiro e primeira atleta de Marín.**

**-Premio para o primeiro equipo de relevos masculino: invitación comida/cea para os 3 integrantes en rest. Da parroquia, e agasallo.**

**-Premio para o primeiro equipo de relevos femenino: invitación comida/cea para os 3 integrantes en rest. Da parroquia, e agasallo.**

Na carreira absoluta, recibirán os seguintes premios:

ABSOLUTA MASCULINO

1º - 200 € e Trofeo PINGA-PINGA (serie limitada)

2º - 100 € e Trofeo

3º - 50 € e Trofeo

ABSOLUTA FEMENINO

1ª - 200 € e Trofeo PINGA-PINGA (serie limitada)

2ª - 100 € e Trofeo

3ª - 50 € e Trofeo

Os premios se ingresarán por transferencia do clube organizador no prazo de 7 días.

**OS ATLETAS QUE OBTENAN ALGÚN PREMIO DEBERÁN ACREDITARSE CO D.N.I. OU O PASAPORTE.**

Organiza: CLUB DEPORTIVO PINARIUM E O CONCELLO DE MARÍN, en colaboración coa Comunidade de Montes de Santo Tomé de Piñeiro e coa Asociación de Os amigos da Mazá e da Sidra de San Tomé.